

Comunicado nº 158/17  
3 de agosto de 2017

**□ AMPLIACIÓN PRESCRICIÓN COMÚNS**

**ARTIGO 12 BIS.- PARQUE PECHADO E PARQUES DE TRABALLO:**

Ante a necesidade de americanizalo automobilismo, acercalo os siareiros, e facelo mais atractivo os colaboradores necesarios para conseguilos presupostos axeitados, a Comisión Executiva da “Federación Galega Automobilismo” amplía o artigo 12, das prescricións comúns do anuario 2017; autorizando a maior unilo parque pechado co parque de traballo a criterio e necesidade do plantexamento dos comités organizadores da especialidade de rallyes de asfalto.

**□ AMPLIACIÓN NORMATIVA**

- A) Autorízase a unificalos parques pechados cos parques de traballo.
- B) Os controis horarios, de chegada e de saída, estarán situados antes e despois do novo parque (traballo-pechado).
- C) Os vehículos participantes serán custodiados polas súas asistencias correspondentes, nos lugares designados no parque pola organización (lugar e metros cadrados), así como polos comisarios de parque, debidamente licenciados, designados pola organización do rallye
- D) As asistencias comunicáraselle, en complementos ao efecto, as horas útiles de traballo e as horas de parque pechado nas que non se pode arranxar nin tocalo vehículo, so pena de EXCLUSIÓN.
- E) O organizador que queira seguir co formato anterior, de separación de parque pechado e parque de traballo (duas ubicacións), ao seu criterio, pode facelo.
- F) A implantación conleva un “hospitality”, barras complementarias de servizo, e escenario de concertos para música indie, rock, e acto da entrega de premios.
- G) Os siareiros poderán andar polo novo parque, coas limitacións das lonas das asistencias, ca pertinente precaución e sen entorpecer o transcurso do rallye, e intercambiar opinións cos equipos participantes, solicitarlles sinaturas en fotografías que terá cada equipo, cos seus esponsors nas cartulinas.
- H) A modo de inicio, da novidosa implantación, farase no Campus da Auga da Universidade de Vigo, en Ourense, no vindeiro “VI Rallye Ourense Ribeira Sacra”, a celebralos vindeiros 22 e 23 de setembro do 2017.
- I) O xefe de parque e os comisarios velarán polo cumprimento estricto dos complementos, publicados polo colexio de Comisarios Deportivos, no eido dos tempos de asistencias permitidas e tempos parque pechado .